



NOTA DE PRENSA

O PLENO DO CONCELLO DE NIGRÁN APROBA O PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS PARA O PERÍODO 2016-2019

A proposta do Goberno municipal, cun orzamento inicial de máis de 300.000 euros, foi aprobada co apoio de todos os grupos políticos

Consta de oito liñas estratéxicas en diferentes ámbitos que marcarán a política do goberno da localidade ata o final do seu mandato

Nigrán, 01/04/2016.- O goberno de Nigrán e os representantes dos distintos grupos da oposición aprobaron onte por unanimidade o I Plan Estratéxico de Subvencións no pleno ordinario do mes de marzo, que tivo lugar na casa consistorial. Trátase do primeiro programa a longo prazo que se leva a cabo no concello, cumprindo así o mandato da Lei Xeral de Subvencións, que busca dar un paso máis na racionalización destas axudas.

Este plan, ao que se destinarán inicialmente 302.126 euros, pretende así incidir no incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión das subvencións e no gasto público; optimizar o acceso da cidadanía ás axudas municipais con garantías de transparencia, unidade de criterio e de libre concorrência, así como perfeccionar a xestión municipal da actividade subvencional dotándoa, por primeira vez, de transversalidade na súa planificación.

Os beneficiados de este plan serán as entidades incluídas no rexistro de asociacións do Concello de Nigrán e as persoas físicas nos casos que establezan as bases correspondentes, coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social, ou para promover a consecución de fins públicos.

“Son oito liñas estratéxicas que marcarán a política do goberno de Nigrán ata o final do mandato e que veñen a corroborar a nosa aposta polo emprego, a formación, a atención ás persoas, a participación veciñal, a cultura,



NOTA DE PRENSA

o deporte, a educación e a solidariedade”, declara o rexedor de Nigrán, Juan González.

As liñas estratéxicas que o goberno da localidade porá en marcha para o trienio 2016-2019 son as seguintes:

1.- Fomento do Deporte. Dotada con 25.000 euros, ten como finalidade promover a práctica deportiva no municipio a través do apoio a asociacións, entidades ou clubs deportivos, dados os indubidables beneficios de índole social, formativa e de saúde que a actividade física ten na sociedade.

2.- Fomento da Cultura. Consta de 25.000 euros para o apoio de iniciativas, actuacións e programas de promoción da cultura que complementen ás levadas a cabo dende o concello.

3.- Fomento da Participación Veciñal para prestar axuda a accións e programas de fomento e consolidación do asociacionismo veciñal, á que se destinarán 22.000 euros.

4.- Axudas Sociais. Dirixidas a persoas físicas, unidades familiares ou de convivencia empadroadas no municipio, así como asociacións sen ánimo de lucro rexistradas en Nigrán que teñan entre os seus obxectivos o apoio a colectivos de persoas desfavorecidas. A dotación para esta liña estratéxica será a través de dúas partidas, unha de 15.000 euros e outra de 30.000.

5.- Fomento do Emprego. É o eixo transversal das políticas do goberno de Nigrán para o período 2016-2019. Busca impulsar a formación de persoas desempregadas e de becas co obxectivo de mellorar a súa empregabilidade e competitividade no mercado laboral. Unha partida de 115.500 euros dividida en 70.000 euros, para bolsas de fomento do emprego, 25.500 euros para bolsas de turismo e 20.000 euros para bolsas Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA).



NOTA DE PRENSA

6.- Transporte Metropolitano cunha partida de 62.126 euros para fomentar a mobilidade en transporte público.

7.- Cooperación e Solidariedade, con 2.500 euros como axuda ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, contribución municipal ao desenvolvemento dos países do Sur.

Ademais destes sete puntos, o goberno adquiriu o compromiso de engadir unha oitava liña estratéxica no pleno de abril para a adquisición de libros escolares, que xa dispón dunha partida de 5.000 euros no orzamento aprobado o pasado mes de febreiro.

“O feito de que esta proposta saíse adiante por unanimidade volve a demostrar que cando se fai política para as persoas, cando gobernamos pensando na sociedade en xeral, apárcanse os enfrontamentos políticos. Como rexedor municipal, non podo máis que aplaudir a actitude da corporación de Nigrán”, expresa González.